



IRMAUS

Celso Emilio Ferreiro



Camiñan ao meu rente moitos homes.
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero ti, que te alcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmau che falo.


Se é túa a miña noite,
se choran os meus ollos o teu pranto,
se os nosos berros son iguais,
coma un irmau che falo.



Anque as nosas palabras sexan distintas,
e ti negro e eu branco,
se temos semellantes as feridas,
coma un irmau che falo.

Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
se os nosos soños son iguais,
coma un irmau che falo.

Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmau che falo.



IRMAUS

Actividades

1. Que tipo de texto literario é Irmaus?



2. Cantas estrofas ten o poema? Completa.

O poema Irmaus ten estrofas.




3. Teñen todas as estrofas o mesmo número de versos?

Si, todas teñen seis versos.

Si, todas teñen catro versos.

Non, a primeira ten seis e o resto 4.

4. Como é a rima?



5. Que verso é o que se repite? Escribeo.

6. Cal é o tema do poema?

A familia A igualdade O racismo A patria

7. Cal destas expresións non significa o mesmo que a rente?

A carón Ao lado A piques Ao pé

8. Emparella o substantivo co adxectivo que o acompaña.

berros, soños ■

■ común

feridas ■

■ iguais

patria, loita ■


■ semellantes

9. Completa.

aldraxe aloumiños berros empatía liorta

PAZ	VIOLENCIA

10. Resolve o encrucillado do Día Escolar da Non Violencia e da Paz.



HORIZONTALS

1. Choro con xemidos e salaios.
2. Construcion vertical non moi alta coa que se cerra ou delimita un espazo.
3. Límite entre dous estados ou países.

VERTICAIS

- A. Lesión nos tecidos dun ser vivo producida por unha causa exterior.
- B. Enfrontamento entre dous ou máis individuos, no que se emprega a forza física ou outros medios de violencia.
- C. Período de tempo que vai desde a posta ata a saída do Sol.
- D. Son agudo ou palabras emitidas con forza e en voz moi alta.

HORIZONTALS: 1. PRANTO 2. VALADO 3. FRONTEIRA
VERTICAIS: A. FERIDA B. LOITA C. NOITE D. BERRO